



Antonio Gamoneda estivo onte na Coruña e hoxe participará na 'Cea das letras', que organiza en Compostela a AELG

AMADOR LORENZO

O ESCRITOR CLAUSURA OS ENCONTROS LITERARIOS DA CORUÑA CUN RECITAL SOBRE A LINGUAXE POÉTICA

Gamoneda: “Como poeta son mediano; como xordo, perfecto”

O Premio Cervantes 2006 recibe hoxe en Compostela o título de ‘Escritor galego universal’ que outorga a AELG

H.PENA

GALICIA

cultura@xornaldegalicia.com

O gañador do Premio Cervantes no ano 2006, Antonio Gamoneda, atópase estes días en Galicia. Se hoxe participa na Cea das Letras, que organiza en Santiago a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) para recibir o título de Escritor Galego Universal –por ser un autor “que combina a excelencia literaria co compromiso ético, o que o converte en referente na defensa da dignidade humana”–, onte clausurou a cuarta edición dos Encontros literarios Cidade da Coruña na sede da Real Academia Galega (RAG).

O ovetense declarou o seu “amor e respecto” pola lingua galega. “Por

que a amo e a respecto tanto non a utilizo, porque o faría mal. Estou condenado a vivir en soidade coa miña propia lingua”, sinalou entre gargallagas o poeta de 80 anos.

Asemade, Antonio Gamoneda desvelou que no seu domicilio ten “dous ou tres metros de andeis” repletos de libros en galego. Entre eles, os que máis revisa son “os de Rosalía de Castro, unha autora que descubrí en castelán e á que xa pouco despois lin en galego”.

‘GALEGO’ DENDE O BERGE

Explicando os seus vínculos coa Coruña, Antonio Gamoneda dixo que a súa nai, asturiana, viviu unha tempada na Coruña e faláballo frecuentemente sobre a cidade durante a súa infancia. Agora, moitos anos despois, o autor de *León de la mirada* define o seu título de Escritor Galego Universal como “un inmenso regalo”. “O feito de ser estimado como galego non é soamente unha honra, senón unha gran emoción”, declarou ante os medios de comunicación.

O poeta de 80 anos declarou o seu “amor e respecto” pola lingua galega

Gamoneda redactará todos os seus novos poemas cunha pluma regaló da AELG

O presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, indicou que Gamoneda recibe esa distinción –en forma de peza escultórica elaborada pola artista Xulia Ares– pola súa “altísima poesía”. “Escoitar os seus poemas énnenos de alegría e felicidade, e máis vindo dun home co seu compromiso ético, insubornable, que destaca aínda máis no marco desta sociedade, que está a perder esa clase de referentes”, indicou.

A este respecto, Antonio Gamoneda revelou que a partir de agora, e como agradecemento á distinción

concedida pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, redactará todos os seus poemas cunha pluma gravada que recibirá hoxe na Cea das Letras –ademais de con outra, de gran valor sentimental, que lle regalou a súa neta hai 10 anos–, coa esperanza de que “salga algo medianamente bo dela”, comentou desenfadado Gamoneda, que fixo gala dun gran sentido do humor.

A vitalidade e simpatía do poeta demostrouse, tamén, cando cuestionado polos xornalistas declarou que “se ben como poeta son mediano, como xordo son perfecto” para pedirlle aos profesionais da información que lle fixesen as preguntas nun ton un pouco máis elevado. Desenfadado, afirmou ser “un indesexable” para os editores pola súa teima de “modificar os textos unha e outra vez”, e finalizou reafirmando o seu “amor” por Galicia. ■

www.xornal.com

Valora a traxectoria vital e profesional de Antonio Gamoneda na nosa web